

NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS FIN DE GRAO (TFG)

Sobre o contido da memoria

A finalidade destas normas é unificar os aspectos relativos á presentación material, estrutura e organización dos Traballos de fin de grao en Enxeñería Informática.

PORTADA

A portada incluírá:

- Logo da UDC
- Centro, titulación e mención
- Título do traballo
- Nome do/a estudante
- Nome do/a director/a
- Tipo de traballo a que pertence
- Convocatoria de defensa do traballo.

PRELIMINARES

- Adicatoria e agradecementos: en follas independentes, despois da portada

ESTRUTURA

- Resumo e palabras-chave: debe conter a información básica do traballo. O resumen non debe ter máis de 500 palabras nin ocupar máis dunha páxina. Indicar varias palabras-chave identificadoras do texto que reflictan o contido do traballo (debe pensarse que estas palabras chave teñen que se poder utilizar como argumentos de procura bibliográfica).

- Índice: con número de páxina para cada epígrafe.

- Introducción e obxetivos: serve para facer una presentación do escrito académico. Exporase una visión global do tema a tratar cos enfoques que o autor adoptou.

- Divisións do traballo: Convén organizar a exposición do material por temas e subtemas

- Resultados e conclusións

- Aparato crítico: Citas e notas situaríanse ao pé de páxina

Apéndices e anexos (opcional): Inclúiranse materiais que teñen relación co texto pero que resultan demasiado voluminosos ou desartellados para seren incluídos no corpo da obra

Bibliografía: publicacións utilizadas no estudo e no traballo.

Formato da copia en papel da memoria:

Páxinas: DIN A4, a dobre cara. Letra Times Roman 12 puntos ou equivalente en negro.

Marxes: superior e inferior 3,5 cm, esquerdo e dereito 3 cm

Superficie do texto: 22,5 cm de alto (aproximadamente 40 liñas) e 15 cm de ancho

Cabeceira e pés: fora da superficie do texto

Seccións e subseccións: reseñadas con numeración decimal a continuación do número do capítulo (ex.: subseccións 2.3.1)

Títulos de capítulos: en letra maiúscula

Números de páxina: centrado na marxe inferior, páxina 1 comeza no capítulo 1, todas as seccións precedentes ao capítulo 1 en número romano (en minúscula)

Encadernación: tapas en formato blando para encadernadora modelo Channel (Esselte) en cor azul.

Bibliografía: según as recomendacións da IEEE
(<http://www.ieee.org/documents/ieeecitationref.pdf>)

Sobre o resumo a entregar en administración

Incluirá título do traballo, nome do estudante, nome dos directores, convocatoria de defensa e resumo do traballo que está contido na memoria.